



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN E O CONCELLO DE BANDE PARA A OBTENCIÓN DO RECOÑECIMENTO LEGAL DA CONDICIÓN MINERO-MEDICINAL E TERMAL DAS AUGAS QUENTES DE BANDE (OURENSE)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Consellería formalizou co Concello de Bande o convenio arriba referido por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular regular a colaboración entre a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e o Concello de Bande para a realización da toma de mostras e a elaboración dos informes necesarios para obter o recoñecemento legal da condición mineiro-medicinal e termal das augas quentes de Bande localizadas na beira do encoro das Conchas.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O Concello de Bande, entidade local territorial de Galicia, na súa calidade de Administración Pública serve con obxectividade aos intereses públicos que ten encomendados e actúa de acordo cos principios de eficacia e servizo aos cidadáns, descentralización, desconcentración e coordinación, con autonomía propia e sometemento pleno á Lei e ao dereito.

O Concello de Bande considera necesario levar a cabo accións que permitan coñecer con exactitude o potencial real dos recursos hidroxeolóxicos e a súa capacidade de aproveitamento coa finalidade última da súa posta en valor, a súa explotación racional, o fomento do turismo termal sostible na zona e a mellora da situación socioeconómica do municipio. Por iso e para confirmar a súa calidade requírese determinar se as augas poden acadar a condición mineiro-medicinal e termal polo que é obxecto deste convenio a realización das actuacións de toma de mostras, análise das augas e elaboración de informes, para o recoñecemento legal da súa condición mineiro-medicinal e termal cara o seu eventual aproveitamento futuro.





XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE
ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN

Dirección Xeral de Planificación Enerxética e
Recursos Naturais

galicia

Para o financiamento do deseño e execución das actuacións que constitúen o obxecto deste convenio de colaboración, a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, achegará, con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021, DEZAOITO MIL CENTO DOUS EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS (18.102,81 €) con cargo a aplicación orzamentaria 06.02.734A.760.2, na que existe crédito adecuado e suficiente para tal fin.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais

(asinado dixitalmente)

Paula Uría Traba



Xacobeo 2021

